

**IV PLAN  
OPORTUNIDADES  
ENTRE MULLERES  
E HOMES**

**2019 - 2023**  
**CONCELLO DE  
CARBALLO**

**IGUAL  
DADE**

# IV PIOM

## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>ÁREAS DE ACCIÓN</b> .....	<b>10</b>
ÁREA 1: COORDINACIÓN, FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN MUNICIPAL	
ÁREA 2: CARBALLO COEDUCA	
ÁREA 3: CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E MERCADO LABORAL	
ÁREA 4: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL	
ÁREA 5: PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	
<b>LINGUAXE DE XÉNERO</b> .....	<b>37</b>
<b>GLOSARIO</b> .....	<b>45</b>



# SAÚDE

Desde o concello de Carballo sabemos que a igualdade entre as persoas ten que trasladarse transversalmente á totalidade das accións da política municipal.

Ao servizo de ese obxectivo foi elaborado o **IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Carballo** e síntome moi orgulloso que este documento se poña a disposición da sociedade carballesa.

A vixencia plurianual que irá desde este ano **2019 ao 2023** fainos marcar liñas de actuación para de xeito progresivo ir adaptando a realidade presente para procurar avanzar a novos obxectivos.

Neste **IV Plan** establécense, desde unha diagnose actualizada, novas necesidades en igualdade e que aínda temos a obriga de plantexar: emprego, conciliación, formación, educación en valores de igualdade, ocio, cultura...

Nos últimos anos foron adoptándose novas medidas legais que permitiron avances pero a realidade é teimuda e seguimos lonxe, moi lonxe, da igualdade entre mulleres e homes; por este motivo,

dende o concello de Carballo, preocupámonos dende hai tempo, en estar pendentes da consecución de novos avances tal e como agora se programan en esta normativa. É por iso que o concello seguirá a traballar para que as mulleres de Carballo teñan a posibilidade de gozar na súa vida persoal, familiar, laboral e social cos mesmos dereitos que os homes, para que toda a cidadanía sexa sensible a esa necesidade colectiva.

Sabemos que o camiño será dificultoso mais seguiremos a defender que con traballo e entusiasmo faremos a achega que nos corresponda do mesmo xeito que seguirei a convidaros para procurar a vosa colaboración activa neste proxecto que permitirá construír un Carballo máis xusto e en igualdade.

**Evencio Ferrero Rodríguez**  
**Alcalde de Carballo**



# IV PIOM DO CONCELLO DE CARBALLO

## •••• QUE É UN PIOM?

As siglas PIOM falan do establecemento dun Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal e implican un compromiso de cambio social para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no eido local.

O Concello de Carballo inicia a andadura do seu IV Plan de Igualdade, o que supón a continuidade deste **compromiso durante os vindeiros cinco anos (2019-2023)** a través do desenvolvemento dunha serie de obxectivos e medidas de actuación.

Deste xeito, a posta en marcha deste PIOM supón o establecemento dun marco normativo municipal, dividido en áreas prioritarias de actuación, que está encamiñado a sensibilizar, visibilizar e reducir as desigualdades de xénero existentes, á par que trata de mellorar a calidade de vida da veciñanza de Carballo.

En definitiva, o cuarto marco normativo en favor da igualdade de oportunidades do Concello de Carballo é unha **ferramenta de cambio social**, unha folla de ruta a seguir nos vindeiros anos, na que a poboación local participará activamente beneficiándose do cumprimento progresivo de medidas e obxectivos.

## •••• A NECESIDADE DO PLAN DE IGUALDADE

O plan de Igualdade de Oportunidades é unha **ferramenta útil e necesaria** no eido municipal, xa que garante a implicación e a participación de tódolos axentes sociais do Concello. Asemade, o establecemento de obxectivos e medidas de actuación concretas facilita avanzar no eido da igualdade de xénero de xeito máis eficiente, atendendo aos recursos existentes e ás necesidades específicas da cidadanía de Carballo.

O **IV PIOM resultará de utilidade á poboación local, aos diferentes axentes sociais implicados e ao persoal político e técnico do Concello**, xa que no só é un marco normativo de actuación, é unha ferramenta de planificación de iniciativas e actuacións para reducir as desigualdades aínda existentes entre mulleres e homes.

## • • DIAGNOSE E PARTICIPACIÓN SOCIAL

### A ELABORACIÓN DO IV PIOM

Para a elaboración do presente Plan de Igualdade de Oportunidades tívose en conta o **marco normativo** preexistente en materia de igualdade e empregouse tanto unha **metodoloxía cuantitativa** como **cuantitativa** de estudo.

A combinación destas metodoloxías favorece a posta en marcha de medidas e obxectivos especificamente adaptados á realidade municipal do Concello de Carballo, o que imprime realismo e efectividade ao Plan de Igualdade.

Na **fase cuantitativa** de estudo, levouse a cabo unha análise pormenorizada do contexto demográfico, formativo, laboral e social do Concello de Carballo co fin de adaptar os obxectivos á actual situación municipal.

Para a **recollida de información cualitativa** leváronse a cabo entrevistas en profundidade aos principais axentes sociais de referencia. O desenvolvemento desta metodoloxía permitiu recoller non só unha instantánea da situación social actual, senón que posibilitou a recollida de necesidades específicas e propostas de actuación.

Ademais da análise diagnóstica e o proceso de participación social, tivéronse en conta as **conclusións extraídas do informe de avaliación do III Plan de Igualdade de Oportunidades**, incorporando melloras no vixente PIOM.

Asemade, esta ferramenta municipal constrúíuse dentro dun **marco legislativo específico**, polo que toma por referencia diversos antecedentes normativos existentes a nivel local, autonómico, nacional, europeo e internacional.




## • • ÁREAS E OXECTIVOS DE ACTUACIÓN

### O IV PIOM

Tendo en conta todo o proceso de traballo e as conclusións extraídas do mesmo, deseñouse un plan estruturado en torno a **cinco grandes áreas de actuación**.

Cada unha destas áreas de actuación, vai acompañada dun ou varios obxectivos que, de xeito específico, estipulan unha serie de iniciativas a desenvolver entre os anos 2019 e 2023. Tanto as medidas como os obxectivos propostos neste IV PIOM **responden a necesidades ou propostas recollidas durante o proceso de elaboración** do mesmo.

A continuación recóllense os obxectivos e as medidas de actuación que compre levar a cabo nos vindeiros anos no concello.



# ÁREAS DE ACTUACIÓN



# ÁREAS DE ACTUACIÓN

- **ÁREA 1**

COORDINACIÓN, FORMACIÓN E  
SENSIBILIZACIÓN MUNICIPAL

- **ÁREA 2**

CARBALLO COEDUCA

- **ÁREA 3**

CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE  
E MERCADO LABORAL

- **ÁREA 4**

**PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL**

- **ÁREA 5**

**PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA  
VIOLENCIA DE XÉNERO**

## COORDINACIÓN, FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN MUNICIPAL

### OBXECTIVO 1.1.

#### PROMOVER A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DA POBOACIÓN LOCAL.

Difundir entre a veciñanza de Carballo os obxectivos e o contido do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes a través de tódolos medios dispoñibles:

- Presentación pública do IV PIOM nos medios de comunicación locais.
- Actualización e introdución do contido do PIOM na web municipal.
- Reparto de exemplares a tódolos servizos e departamentos municipais.
- Reparto dun número axeitado de exemplares no eido asociativo.
- Reparto de exemplares en actividades municipais de especial interese.
- Realización dunha charla informativa aberta á cidadanía na que se de a coñecer o contido do PIOM.

- Introducción de exemplares do Plan nos lugares de especial afluencia da veciñanza (centro de saúde, concello, centros educativos, bibliotecas, asociacións...).
- 

Empregar unha linguaxe non sexista en tódolos documentos e comunicacións oficiais do Concello de Carballo.

---

Continuar coa posta en marcha de actividades con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora (8 de Marzo) e o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25N), que visibilicen as desigualdades existentes e que impliquen directamente á poboación para favorecer a sensibilización en igualdade (prevención e eliminación da violencia de xénero, ruptura de estereotipos, visibilización de micromachismos, etc.). Por exemplo a través de:

- Actividades culturais (charlas, debates, encontros...).
  - Iniciativas vinculadas ao mundo da arte ou o espectáculo (películas, obras de teatro, contacontos, concursos de artes plásticas...)
  - Accións formativas.
  - Actuacións de sensibilización e ruptura de estereotipos..
-

Poñer en marcha o proceso de avaliación continua contemplado neste Plan de Igualdade, levando a cabo:

- Unha avaliación intermedia á metade do período de vixencia do PIOM, co fin de poder introducir cambios ou melloras que permitan acadar os obxectivos marcados a priori.
  - Un proceso e un informe de avaliación final no que se valore o nivel de execución do PIOM e os obxectivos acadados durante o seu tempo de vixencia.
-

## OBXECTIVO 1.2.

### FOMENTAR A COORDINACIÓN INTERDEPARTAMENTAL E A FORMACIÓN EN IGUALDADE DO PERSOAL MUNICIPAL.

Realizar reunións anuais nas que participen representantes de tódalas concellarías e departamentos municipais e nas que se aborden os seguintes temas:

- Visibilización e definición de obxectivos e medidas do IV PIOM.
- Estratexias conxuntas ou colaborativas de actuación entre concellarías e departamentos (Cultura, Servizos Sociais, Emprego...) a fin de aunar esforzos e recursos materiais.
- Dificultades atopadas na posta en marcha do Plan e establecemento de novas propostas de actuación.

---

Desenvolver algún curso de capacitación e sensibilización en igualdade para o persoal técnico e político de Carballo, facilitando e impulsando a participación no mesmo dende o propio Concello.

---



Difundir e publicitar entre o persoal político e técnico, tanto as diferentes iniciativas que se van levando a cabo no marco do IV PIOM, como a oferta formativa existente na área de igualdade de xénero.

---

Continuar participando activamente na difusión de campañas que, tanto a nivel autonómico como nacional promovan a igualdade de xénero ou a prevención e eliminación da violencia de xénero.

## CARBALLO COEDUCA

### OBXECTIVO 2.1.

**FAVORECER A COORDINACIÓN ENTRE O EIDO EDUCATIVO E O CONCELLO DE CARBALLO PARA IMPULSAR A SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE DA POBOACIÓN ESCOLAR.**

Celebración de encontros periódicos -por exemplo ao inicio do curso escolar- entre persoal do Concello e representantes de centros educativos (departamentos de dirección, orientación...) e ANPAS co fin de

- Poñer en común necesidades e compartir preocupacións para identificar as problemáticas existentes.
  - Recoller novas propostas de actuación.
  - Valorar a posibilidade de desenvolver estratexias conxuntas (deseño de actividades, posta en marcha de iniciativas formativas ou de sensibilización, etc.)
-

Continuar coa conmemoración do Día da Muller Traballadora e o Día contra a Violencia de Xénero en colaboración cos centros educativos municipais, desenvolvendo estratexias ou actividades conxuntas de actuación que impliquen directamente á poboación escolar

---

Realizar, en colaboración co IES, un obradoiro de promoción da autonomía dirixido ás/ós adolescentes de entre 12 e 18 anos. Abordaranse temas como a cociña e comidas equilibradas, limpeza e xestións do fogar, coidado da roupa, compra, etc.

---

Desenvolver, a través do IES, estratexias formativas entre o alumnado nas que se aborde especificamente o empoderamento feminino e a importancia da autonomía económica e persoal.

---

## OBXECTIVO 2.2.

### FOMENTAR A COEDUCACIÓN ENTRE A POBOACIÓN INFANTIL E XUVENIL DE CARBALLO.

Poñer en marcha iniciativas culturais, lúdicas e/ou de entretemento que fagan especial fincapé nos estereotipos de xénero, os micromachismos e as desigualdades existentes entre mulleres e homes, ofrecendo accións e exemplos cos que se poida identificar a poboación infantil e xuvenil de Carballo (contacontos, xogos colaborativos, concursos, obras de teatro...).

En torno ás datas do Nadal levar a cabo unha campaña na que se faga especial fincapé na compra de xogos e xoguetes que non fomenten o seu uso sexista ou bélico.

Empregar o cine e a música como canle de sensibilización e coeducación. Por exemplo a través da organización dun ciclo de cine infantil e xuvenil no que se aborde a ruptura de roles e estereotipos tradicionais de xénero dun xeito ameno e diferente, valorando a posibilidade de propor unha actividade que implique directamente á mocidade (por exemplo realización dunha curtametraxe, representación teatral das películas visionadas, etc.).

Organizar actividades específicas dirixidas ó alumnado de Primaria e Bacharelato onde se trate o tema das diversidades de xénero e a orientación sexual, a fin de previr a homofobia, lesbofobia e transfobia nos centros educativos de Carballo.

Promocionar, tanto nas Bibliotecas Escolares como na nova Biblioteca Municipal, a lectura como canle de formación e sensibilización: visibilizando determinados libros de interese, facendo unha listaxe de lecturas recomendadas, ou facendo charlas de encontro con autoras/es de referencia no eido da igualdade.

---

Celebrar o Día do Libro facendo fincapé en escritoras de literatura ou cómics xuvenís (Laura Gallego, Leticia Costas...). Organizar, en colaboración cos centros educativos e a Biblioteca, unha charla entre as escritoras e o alumnado de Carballo, onde poidan debater e facer unha reflexión conxunta.

---

Minimizar a fenda dixital de nenas e mozas mediante a organización de talleres de robótica, de programación ou de “chapuzas” tecnolóxicas adaptados á idade das participantes. Nestes talleres é importante ofrecer referentes de mulleres tecnolóxicas pioneiras e actuais, así como materiais didácticos específicos sobre as achegas das mulleres á ciencia.

---

Colaborar na organización de actividades formativas e de encontro no marco da Escola de Nais e Pais para:

- Recoller inquietudes e problemáticas comúns de nais, pais e poboación adolescente.
  - Abordar cuestións como o uso responsable das redes sociais e os perigos das mesmas.
  - Desenvolver actividades de educación en valores, educación afectiva, sensibilización e prevención da violencia de xénero.
-

## CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E MERCADO LABORAL

### OBXECTIVO 3.1.

#### IMPULSAR A CONCILIACIÓN DOS TEMPOS E A CORRESPONSABILIDADE ENTRE A VECIÑANZA LOCAL.

Establecer horarios que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral nas actividades organizadas dende o Concello de Carballo, prestando especial atención a aquelas orientadas á formación e á sensibilización da poboación local.

---

Fomentar a introdución da perspectiva de xénero nas accións e iniciativas de conciliación organizadas no Concello de Carballo (actividades extraescolares, campamentos de verán ou Nadal...).

---



Poñer en marcha iniciativas ou accións formativas que impliquen á poboación adolescente e/ou adulta do Concello co fin de fomentar o reparto equitativo de tarefas e responsabilidades domésticas. Por exemplo a través:

- Talleres de intercambio de roles para homes e mulleres adultas.
- Cursos de habilidades domésticas para a poboación xuvenil.
- Actividades formativas e de sensibilización a través da Escola de Nais e Pais ou as ANPAs e das accións propostas na área Carballo Coeduca deste PIOM.
- Iniciativas levadas a cabo no Centro Social, en colaboración ou a proposta das asociacións do eido municipal.

---

Deseñar unha campaña sobre a corresponsabilidade no eido dos coidados e das tarefas do fogar dirixida especialmente á poboación masculina co fin de achegalos e comprometalos nestes ámbitos.

---

## OBXECTIVO 3.2.

### PROMOVER A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES TANTO NO EIDO FORMATIVO COMO NO MERCADO LABORAL.

Estudar e mellorar a oferta formativa existente a través de distintos canles de actuación:

- Impulsar a formación encamiñada á obtención dos estudos básicos e obrigatorios (ESO) cun horario aberto e flexible que favoreza a conciliación e a participación da poboación feminina.
- Incrementar a oferta de ciclos formativos con perspectiva laboral, aumentando o abanico de posibilidades para acceder á formación modular e específica de grao medio e superior.
- Aumentar a diversidade formativa existente, con cursos vinculados a outros sectores de emprego distintos aos actualmente ofertados.
- Poñer en marcha máis iniciativas de formación continua.

---

Distribuír a formación profesional para o emprego ao longo de todo o ano, evitando que coincida especialmente co período escolar co fin de favorecer a conciliación e a participación das mulleres de Carballo.

---

Valorar a posibilidade de crear, potenciar e apoiar novos viveiros de emprego no termo municipal, levando a cabo os estudos precisos.

---

Fomentar o autoemprego no eido local a través dun servizo que, de xeito continuo e permanente, ofrezca axuda, apoio e asesoramento a novos proxectos de contratación por conta propia.

---

Revisar e aumentar as subvencións ofrecidas no marco do plan Carballo Activa, co fin de favorecer a contratación feminina no eido local a través do apoio económico.

---

Poñer en marcha iniciativas de sensibilización (cursos, charlas ou campañas) destinadas ao tecido empresarial local co fin tanto de garantir e mellorar o cumprimento da lexislación existente, como de favorecer conciliación familiar e laboral.

---

Impulsar tódolos servizos municipais que axuden á conciliación familiar e laboral, reducindo os períodos de inactividade laboral (horarios flexibles, iniciativas destinadas á atención de poboación infantil e dependente, estudar e incorporar melloras nos recursos xa existentes...).

---

Impulsar e apoiar iniciativas empresariais en sectores do ámbito do coidado e a atención ás persoas, que teñan un impacto directo e dobre no emprego das mulleres (facilitar a conciliación e creación de emprego), como servizos de atención á dependencia, tarefas do fogar, reforzo escolar, actividades de tempo libre, campamentos, actividades deportivas e extraescolares, etc.

---

## PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL

### OBXECTIVO 4.1.

#### FOMENTAR A PARTICIPACIÓN FEMININA NO TERMO MUNICIPAL

Levar a cabo reunións periódicas -por exemplo de carácter anual- co tecido asociativo co fin de:

- Difundir as iniciativas levadas a cabo no eido da igualdade así como os obxectivos do PIOM.
- Recoller necesidades, preocupacións e novas propostas de actuación.
- Establecer novas canles de colaboración e deseñar iniciativas conxuntas que poidan enmarcarse dentro do Plan de Igualdade (difusión do PIOM, actividades vinculadas ao 8M ou o 25N, iniciativas de coeducación, corresponsabilidade ou prevención da violencia de xénero...)
- Crear un espazo de encontro que contribúa a crear lazos entre asociacións.

Poñer en marcha iniciativas propostas polas asociacións nas reunións levadas a cabo de xeito periódico.

---

Colaborar coas asociacións na difusión das súas actividades co obxectivo de visibilizar a súa labor e fomentar a participación social.

---

## OBXECTIVO 4.2.

### PROMOVER A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL DA POBOACIÓN LOCAL.

Colaborar coa Concellaría de Sanidade e Terceira Idade para poñer en marcha actividades de respiro destinadas ás persoas cuidadoras de poboación dependente, atendendo especificamente a súa saúde física e psicolóxica (por exemplo actividades formativas sobre hábitos posturais, terapia psicolóxica específica, encontros para o intercambio de experiencias entre poboación cuidadora...).

Establecer convenios de colaboración coas asociacións deportivas do eido municipal a fin de ofertar espazos e servizos de actividade física a mulleres e persoas maiores (por exemplo, andainas, pilates, ioga, obradoiros de risoterapia, etc.) así como crear espazos de autocoidado e de socialización.

Desenvolver iniciativas destinadas a fomentar entre a veciñanza local o envellecemento activo e os hábitos de vida saudables (cursos, actividades deportivas, carreiras populares...).

---

Favorecer a práctica deportiva e a sensibilización en igualdade neste eido, por exemplo a través da organización de equipos ou campionatos mixtos, nos que participen activamente asociacións e/ou centros escolares.

---

Continuar coa organización de actividades de lecer, lúdicas e deportivas que animen á participación social e ao disfrute do tempo persoal no caso da poboación feminina (por exemplo, a actividade de visita a balnearios).

---



## PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

### OBXECTIVO 5.1.

#### IMPULSAR A PREVENCIÓN E A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO TERMO MUNICIPAL

Continuar e manter a Mesa de Coordinación creada no Concello de Carballo en materia de violencia de xénero, reforzando e priorizando a súa labor en caso necesario.

Favorecer e facilitar a formación en igualdade das persoas implicadas activamente nesta Mesa de Coordinación para garantir a correcta atención ás vítimas (actividades formativas específicas, charlas de interese, libros ou documentación específica...).

Proseguir coas iniciativas de sensibilización vinculadas ao Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25N) procurando levar a cabo medidas que impliquen a participación da veciñanza local.

---

Visibilizar os recursos e servizos existentes no Concello de Carballo en materia de violencia de xénero, por exemplo a través da difusión dun folleto informativo que inclúa direccións, teléfonos de interese e os pasos a seguir en caso de atoparse nunha situación de emerxencia.

---

Poñer en marcha actividades formativas e de sensibilización, destinadas á poboación xuvenil e adolescente, adaptando a visión da violencia de xénero ao seu perfil de idade (talleres, performances, películas que aborden por exemplo actitudes de control na fase do noivado ou o respecto á diversidade sexual).

---

Desenvolver iniciativas que permitan visibilizar todas as formas de violencia de xénero existentes co fin de dar a coñecelas (por exemplo a través de campañas de sensibilización nos medios de comunicación locais, obras de teatro ou a creación de folletos ou documentación específica).

Continuar participando nas actividades e/ou iniciativas que se desenvolven a nivel comarcal, provincial e autonómico e que teñan como finalidade previr e eliminar a violencia de xénero en calquera das súas formas.

Denunciar e rexeitar, a través dunha campaña directa e contundente, o acoso sexual e os micromachismos no entorno laboral, nas instalacións públicas, nas festas locais, concertos e celebracións tumultuosas (por exemplo, o botellón). Con esta acción búscase sensibilizar contra o acoso e as agresións sexuais cara ás mozas e ás mulleres en xeral.

Organizar un curso de autoprotección persoal dirixido ás mulleres do eido municipal. Trátase de que aprendan medidas e técnicas de defensa persoal que lles permitan saír indemnes ou recadar axuda ante un posible ataque.


---

Continuar coas medidas de apoio urxente ás vítimas de violencia de xénero (pago de desprazamentos e bonos de hotel) e crear un Punto de encontro que permita un período de estancia maior ata estabilizar a súa situación a nivel psicolóxico, económico ou laboral.

---

# LINGUAXE DE XÉNERO





# LINGUAXE DE XÉNERO

**Que é?** A linguaxe de xénero, tamén chamada inclusiva ou non sexista é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas e estratexias para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes en igualdade. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e a reprodución estereotipada do xénero social.

Actualmente no uso escrito e oral da linguaxe aínda reproducimos moitos dos estereotipos sexistas da sociedade. Este feito ten como consecuencia que o valor das mulleres desaparece do noso imaxinario colectivo. Para mudar esta situación hai unha serie de estratexias e normas que debemos seguir para construír unha linguaxe non sexista, igualitaria e integradora para:



Resolver moitos **PROBLEMAS DE IMPRECISIÓN E AMBIGÜIDADES** na nosa comunicación escrita.



Dar **VISIBILIDADE A TODA A SOCIEDADE**, independentemente do seu sexo.

## ESTRATEGIAS DE USO DA LINGUAXE DE XÉNERO >>

### •••• USO DOS XENÉRICOS

A utilización abusiva do xénero masculino en substantivos que designan ao conxunto dunha colectividade, axuda a reproducir a invisibilización das mulleres.

Para evitar usos sexistas da linguaxe, e mesmo reducir ambigüidades, téñense que empregar verdadeiros **TERMOS COLECTIVOS OU XENÉRICOS**, como os que se inclúen a continuación:

Os profesores non acudiron á folga

O profesorado non acudiu á folga <<

Os funcionarios do Concello de Carballo

O funcionariado do Concello de Carballo <<

A piscina está aberta para os usuarios

A piscina está aberta para as persoas usuarias <<

Os solicitantes deberán presentar o seu currículo

Coa solicitude deberase presentar o currículo <<

OS VECIÑOS DE CARBALLO  
 OS MOZOS  
 OS CIDADÁNS  
 OS FUNCIONARIOS  
 OS PROFESORES  
 O ALUMNO  
 O ESTUDANTE  
 OS POLÍTICOS  
 O DEMANDANTE

MAL USO DO XENÉRICO >>

A VECIÑANZA DE CARBALLO  
 A MOCIDADE  
 A CIDADANÍA  
 O FUNCIONARIADO  
 O PROFESORADO  
 O ALUMNADO  
 O ESTUDANTADO  
 O PERSOAL POLÍTICO  
 QUEN PRESENTE A DEMANDA

<< BO USO DO XENÉRICO



## •••• USO DOS DESDOBRAMENTOS

Na lingua escrita, sempre hai que valorar o dobre emprego de substantivos con forma feminina ou masculina. Esta opción é moi recomendable, posto que estaremos facendo unha mención explícita a ambos sexos.

Os nenos

As nenas e os nenos

Os pescadores

Os pescadores e as pescadoras

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O Colexio Oficial de Arquitectas e Arquitectos de Galicia

A estratexia do desdoblamento, ás veces, supón realizar un uso reiterativo da linguaxe oral e escrita.

As xogadoras e xogadores avisadas e avisados

As e os xogadores avisados

Todas as enfermeiras contratadas e todos os enfermeiros contratados

Todas as enfermeiras e enfermeiros contratados

É importante, no uso do desdoblamento, adiantar a mención da muller nos nosos hábitos de expresión do seguinte xeito:

Os homes e mulleres

As mulleres e os homes

Asociación de Pais e Nais

Asociación de Nais e Pais



## •••• USO DAS BARRAS E DAS ARROBAS

A barra (/) é un símbolo que pode ser empregado, ás veces, para visibilizar os xéneros feminino e masculino. A barra emprégase en dous casos:

No caso de non atopar ningún substantivo xenérico ou neutro.

Nos documentos (instancias, cartas, nóminas...) nos cales non se coñece a persoa que finalmente vai facer algún tipo de trámite.

O/a traballador/a

Empregada/o

Director/a

Xefa/e

Dona/Don

A **arroba (@)** tense empregado como unha forma de reproducir unha linguaxe non sexista. Cómpre sinalar que **o seu uso non é axeitado** posto que no plano oral non se pode pronunciar, e porque non é un signo lingüístico.

## ••• FEMINIZACIÓN DAS PROFESIÓNS

Unha mostra moi habitual dun uso sexista da linguaxe é o non recoñecemento dunha actividade profesional que é desempeñada por mulleres e homes.

As máis das veces acontece que determinadas profesións son masculinizadas (médico, notario, alcalde...). Este incorrecto e sexista uso da lingua hai que mudalo empregando e coñecendo os substantivos femininos correspondentes.

FEMININO	MASCULINO
ARQUITECTA	ARQUITECTO
XUÍZA	XUÍZ
FONTANEIRA	FONTANEIRO
CONDUTORA	CONDUTOR



# GLOSARIO

## CONCEPTOS PARA ENTENDER A IGUALDADE DE XÉNERO

### • XÉNERO

Interpretación cultural da diferenza biolóxica. Mediante esta construción adscríbense cultural e socialmente aptitudes, roles sociais e actitudes diferenciadas para homes e mulleres atribuídas en función do seu sexo biolóxico.

### • IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

Fundaméntase na necesidade de garantir o acceso dos membros dunha sociedade, homes e mulleres, ós bens que dentro da mesma se xeran: económicos, materiais e non materiais, como a educación e outros bens culturais. Polo tanto, resulta imprescindible garantir que mulleres e homes poidan acceder e participar nas diferentes esferas –económica, política, de participación social, de toma de decisións- e actividades –educación, formación, emprego e benestar-.

## • ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Fan referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes.

## • COEDUCACIÓN

Desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertencen e, polo tanto, sen presupoñer capacidade en razón do sexo do alumnado.

## • CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL

Necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo doméstico e as responsabilidades familiares. Neste concepto tense en conta tamén a esfera privada, individual de cada persoa, e inexistente para a maioría das mulleres. Polo tanto, a compatibilización tamén ten que estar relacionada coa dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal do individuo.

## • ROLES DE XÉNERO

Ao longo do noso proceso de socialización, aprendemos e poñemos en práctica unha serie de comportamentos aceptados como femininos e/ou masculinos, comportamentos que, dependendo do noso sexo biolóxico, van a ser considerados como apropiados ou non, favorecendo a nosa inserción como membros da sociedade á que pertencemos ou provocando reaccións adversas. Ditos comportamentos están directamente relacionados co reparto de tarefas entre mulleres e homes. Así, por exemplo, ás mulleres asígnanselles roles vinculados ao desenvolvemento de tarefas no eido doméstico, relacionadas co coidado do fogar e co coidado de persoas dependentes no eido familiar, mentres que ós homes asígnanselles roles relacionados co ámbito público: o emprego remunerado e a participación nos órganos de toma de decisións que afectan ao conxunto da sociedade.

## • CORRESPONSABILIDADE

Defínese como a distribución equilibrada das tarefas domésticas, o coidado de persoas dependentes, os espazos de educación e traballo, permitindo ós membros que compoñen o fogar o libre e pleno desenvolvemento de opcións e intereses, mellorando a saúde física e psíquica das mulleres e contribuíndo a acadar unha situación de igualdade real e efectiva entre ambos sexo.

## • EMPODERAMENTO

Aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisión e acceso ao poder. De acordo coa Plataforma de Acción de Pekín, relaciónase o empoderamento cos seguintes eixes: os dereitos humanos, a saúde sexual e reprodutiva, e a educación. Estes son os eixes considerados fundamentais para o avance das mulleres na sociedade, e a partir de aí trátase de potenciar a participación das mulleres en igualdade de condicións cos homes na vida económica, política e na toma de decisións a tódolos niveis.

## • VIOLENCIA DE XÉNERO

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ten lugar na vida pública como na vida privada (Asemblea xeral das Nacións Unidas. Conferencia Mundial dos Dereitos Humanos, Viena 1993).



## CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)

981 700 688 / 638 123 460

Praza do Médico Eduardo Mariño,  
s/n (Edificio do antigo Ambulatorio)

## TELÉFONO DE AXUDA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

016

## TELÉFONO DA MULLER

900 400 273

## ATENCIÓN TELEFÓNICA PARA MULLERES XORDAS

900 152 152

## POLICÍA LOCAL

981 701 722 / 092

## GARDA CIVIL

981 704 065 / 062

# TELÉFONOS DE INTERESE

\* O CIM garante en todo momento o anonimato e a privacidade nas consultas realizadas polas usuarias deste servizo

\*Horario de atención ao público: de luns a venres de 9.30 a 13.30 h.

Asesoría psicolóxica: luns e xoves.  
Cita previa. | Asesoría xurídica: luns, mércores e venres mediante cita previa.

\*A Policía Local de Carballo presta os seus servizos durante as 24 horas do día, os 365 días do ano.



servizo sociais  
concello de carballo



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade